

# DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR NO MOMENTO DE SOLICITAR A ADMISIÓN

- ◆ Cubrir a solicitude de admisión, Anexo II da Orde do 25 de xaneiro de 2017 que modifica a orde pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado.
- ◆ A solicitude pódese descargar na páxina web do Centro ou adquirila en secretaría.
- ◆ Entregar a solicitude no Centro, que terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais, entre o 1 e o 20 de marzo.
- ◆ Fotocopia do Libro de Familia e dos DNI.



## COMEDOR, AULA MATINAL E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- ✦ O **comedor escolar** está xestionado polo Concello de Gondomar froito dun convenio entre a Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia e o Concello. Comezará sempre o seu funcionamento o primeiro día lectivo do curso escolar. Todas aquelas familias que desexen facer uso do mesmo deberán dirixirse ás oficinas de Benestar Social do Concello, na Casa da Cultura. O horario do comedor é de **14:00h. a 16:30h.** A ANPA en colaboración coa Comunidade de Montes de Vincios intenta xestionar un autobús gratuíto para que transporte aos alumnos/as polas diferentes paradas ás 15:30h. despois de comer.



- ✦ O horario da **aula matinal** é de **7:30h. a 9:00h.** Este servizo, xestionado tamén pola ANPA e atendido por unha coidadora dunha empresa externa, funciona como gardería, pero coa posibilidade de almorzo.
- ✦ As **actividades extraescolares**, están organizadas pola ANPA. Realízanse polas tardes en horario de **16:00h. a 18:00h.** Habitualmente hai actividades todos os días da semana: patinaxe, futbito, baloncesto, tenis, informática, taller de cociña, ximnasia rítmica, baile, tenis de mesa, teatro, tiro con arco, etc. Neste horario tamén abre a biblioteca do centro para a comunidade educativa, sendo atendida por profesorado do centro, excepto os martes.

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
WEB: [www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios)  
E-Mail: [ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal](mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal)

CEIP SERRA-VINCIOS  
A Serra s/n - Vincios  
36316 GONDOMAR (Pontevedra)  
886 120 042

 C.E.I.P.



## SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Desde o 1 ao 20 de marzo.

Horario secretaría: de 12h. a 14h.



⇒ Colexio preocupado pola **formación integral dos alumnos/as**, comprometido coa nosa cultura, a igualdade, o medio ambiente, a formación en valores democráticos e o fomento do espírito de traballo en equipo.

⇒ Formado por un grupo estable de profesionais con gran experiencia e dedicación, que vén realizando moitas actividades co alumnado froito dun traballo coordinado e sempre en equipo.

⇒ **Traballamos sen libros de texto: aplicación de metodoloxías activas e técnicas cooperativas.**

⇒ Xornada continua de 9h. a 14h.

⇒ Comedor Escolar de 14h. a 16:30h.

⇒ Aula matinal de 7:30h. a 9h.

⇒ Numerosa oferta de Actividades Extraescolares de 16h a 18h.

⇒ Transporte Escolar. Colexio ben comunicado: situado en Vincios, dirección Gondomar - Vigo.

⇒ Cada curso escolar traballamos un **Proxecto Anual** de Centro cunha temática centralizadora e vertebradora de actividades.

⇒ Aulas dotadas de encerados dixitais, proxectores e con acceso a Internet.

⇒ Aulas específicas de Inglés, Música, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación, Relixión, Informática, Plástica e Cociña.



⇒ Orientación Escolar: Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

⇒ Ao longo do ano realizamos festivais, actuacións, charlas, teatros....

⇒ **Talleres de cociña, plástica, experimentos, horto escolar e aula creativa.**

⇒ Saídas trimestrais en todos os cursos.

⇒ Páxina web e blogues de aula actualizados con todas as actividades dos alumnos/as e coa información necesaria do Centro:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios/>

⇒ Uso da aplicación gratuíta da Xunta de Galicia "**AbalarMóbil**" para enviar avisos e notificacións ás familias.

⇒ **Biblioteca:** acollidos ao Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia (PLAMBE), espazo dinamizador do centro. Realiza numerosas **actividades para o fomento da lectura** (empréstitos de libros, contacontos...) acollendo a toda a comunidade educativa.



⇒ Piscina gratuíta en horario escolar para 5º e 6º de primaria.

⇒ Patios exteriores con xardíns e zonas verdes que **motivan** aos alumnos/as **a investigar e experimentar** co entorno.

⇒ Pistas deportivas amplas que permiten a promoción do deporte e duns **hábitos de vida saudable.**

⇒ Horto escolar: "Premio Provincial Voz Natura 2.014-15".

⇒ Publicación anual dun xornal escolar: "O Xornaliño".